

BASES DO CONCURSO "#Faiteuncambrie"

1.- ORGANIZA

CONCELLO DE CAMBRE con domicilio na rúa Adro nº 1 C.P. 15660 de Cambre e con C.I.F. P-1501700-G, (en diante Concello de Cambre), ten previsto organizar un concurso denominado "**#Faiteuncambrie**" (en diante o concurso) que se rexerá polo previsto nas seguintes bases. A finalidade do concurso é poñer en valor a imaxe do patrimonio cultural, arquitectónico, natural e paisaxístico do concello.

2.- DESVINCULACIÓN CON FACEBOOK, TWITTER E INSTAGRAM

Nin Facebook, nin Twitter, nin Instagram patrocinan, avalan ou administran de ningún xeito esta promoción nin están asociados a ela.

O/a usuario/a desvincúlase totalmente de Facebook, Twitter e Instagram e é consciente de que está proporcionando a súa información ao Concello de Cambre e non a Facebook, Twitter o Instagram.

3.- ÁMBITO E DURACIÓN DO CONCURSO

Este concurso desenvolverase no territorio español.

A duración do concurso será dende as 00:00 horas 15/04/2017 ás 24:00 horas do 30/04/2017.

O Concello de Cambre resérvase o dereito a modificar, cancelar e/ou suspender o concurso cando concorran causas alleas á súa vontade.

No caso de producirse unha modificación, cancelación ou suspensión do concurso comunicarase polo mesmo medio que se tiña publicado o concurso.

4.- PREMIOS

Terminado o prazo de participación, un xurado, designado a tal efecto polo Concello de Cambre, e composto por persoas expertas en fotografía procederá á **análise das imaxes e outorgará tres premios:**

1º Premio: mellor selfie que poña en valor a imaxe do patrimonio cultural, histórico, natural e paisaxístico do municipio. Terase en conta a representatividade do patrimonio cultural fotografado, a calidade técnica e a orixinalidade da imaxe. **O/A ganador/a desta categoría recibirá un teléfono móbil de última xeración.**

2º Premio: mellor selfie grupal. Premiarase á imaxe máis orixinal na que aparezan, polo menos, dúas persoas. **Quen gañe este premio recibirá un pao para realizar selfies, un trípode e un lote de libros de fotografía antiga de Cambre.**

3º Premio: selfie máis divertido. Premiarase a imaxe que o xurado considere máis graciosa. **O/A ganador/a desta categoría recibirá un pao para realizar selfies e un lote de libros de fotografía antiga de Cambre.**

Os premios non poderán cambiarse nin tampouco trocarse por cartos.

5.- LEXITIMIDADE E REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar no concurso e optar ao premio todas aquelas persoas físicas, maiores de idade, residentes legais

en España, que completen todo o proceso de participación descrito nestas bases.

Non poderán participar no presente concurso o persoal do Concello de Cambre nin as persoas que teñan intervido na súa realización nin organización.

Se resultase gañadora algunha persoa que non cumprise os requisitos esixidos, perderá o seu dereito a obter o premio gañado e este entregarase á persoa que se teña clasificado a continuación, sempre e cando cumpra as condicións de participación.

6.- FISCALIDADE DOS PREMIOS

Seránlle de aplicación todas as disposicións de carácter fiscal pertinentes aos premios do concurso. Non obstante, o valor dos premios individuais non supera os 300 euros, polo que non está suxeito a ningunha retención, de conformidade coa normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

As persoas que resulten gañadoras deberán confirmar os seus datos persoais o día da entrega do premio, mediante a presentación e entrega da fotocopia do seu DNI. ou NIE e deberán asinar, en todo caso, un xustificante da súa recepción. No caso contrario, perderían o seu dereito á recepción do premio. O cumprimento deste requisito establecido no parágrafo anterior ten carácter obrigatorio, polo que as persoas gañadoras deben facilitar os seus datos persoais, de xeito que a ausencia de calquera dos ditos datos suporá a perda do dereito ao premio.

7.- MECÁNICA DO CONCURSO

O feito de participar no concurso implica que o participante acepta expresa e integramente as condicións destas bases.

Para participar, os/as participantes teñen que:

- I. Dispoñer de conta en alomenos unha das seguintes redes sociais: **Facebook, Instagram o Twitter** nas que se desenvolverá o concurso.
- II. Subir ao seu espazo persoal, alomenos nalgunha desas redes sociais, unha fotografía tipo selfie na que se poña en valor algún elemento do patrimonio cambrés (natural, arquitectónico, cultural, paisaxístico, etc.) xunto coa etiqueta **"#Faiteuncambrie"**.

As fotografías deberán ser creacións orixinais dos/as participantes. No caso de resultar gañador/a do concurso, o/a participante cede ao Concello de Cambre o dereito non exclusivo, gratuito, perpetuo, irrevogable e completamente sublicenciable para usar, reproducir, modificar, adaptar, publicar, traducir, crear obras derivadas, distribuír e expoñer a fotografía coa que participan por todo o mundo en calquera medio, ata o grao permitido pola lexislación vixente. Ademais, para participar no concurso, cada participante declara e garante:

A) Que a fotografía é unha creación súa e que non se apropiou dela, non a ten copiado e que non deriva en parte o una súa totalidade doutro traballo gráfico (incluíndo todas as imaxes e persoas que se rexistran na foto).

B) Que non está violando ou infrinxindo ningún dereito de autor, marca rexistrada, privacidade o dereito publicitario ou calquera outro dereito persoal, de propiedade ou de propiedade intelectual de calquera persoa ou entidade.

C) Que a súa foto no é difamatoria, inxuriosa, obscena ou ilegal de calquera outro xeito.

D) Que é da súa propiedade única e exclusivamente e que ten os dereitos de distribución completos a nivel mundial sobre a súa foto.

E) Que as persoas retratadas na fotografía consentiron ser retratados/as, así como a difusión pública da imaxe. No caso de figurar menores, este consentimento teñen que realizalo os seus titores/as legais.

Coa aceptación do premio, os/as gañadores/as asumen que a cesión de dereitos sobre a fotografía coa que teñen participado non lles confire ningún dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases.

8.- REGRAS DE CONDUCTA

Teranse presentes as seguintes consideracións:

a) Rexeitaranse os contados que poidan considerarse ofensivos, obscenos, inapropiados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten conta a dignidade e/ou decoro, e os que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral e á orde pública; que sexan contrarios aos dereitos de terceiros/as sen o seu consentimento; que sexan contrarios ao honor e á imaxe das persoas físicas e xurídicas; que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros), que impliquen realizar unha actividade comercial, compra e venda de produtos e/ou servizos así como a súa publicidade, que non teña relación co sorteo, quedando automaticamente descualificados e fora do concurso contados que se axusten a algún perfil dos descritos.

b) O Concello de Cambre resérvase o dereito de rexeitar a participación de aqueles perfís que considere que poidan ser “fraudulentos”. Considerarase a un/ha usuario/a como malicioso cando se faga patente que está levando a cabo as actividades relacionadas coa promoción dun modo antinatural ou artificial mediante, por exemplo:

1. O uso de *bots* ou sistemas automáticos que posteen en Facebook/Twitter/Instagram sen control expreso do/a usuario/a.
2. Uso de contas non lexítimas creadas para a promoción en Facebook/Twitter/Instagram.
3. Non se aceptará o concurso de contas duplicadas ou falsas.
4. Está terminantemente prohibido:
 - A.- Postear comentarios descualificativos sobre outras persoas participantes.
 - B.- Postear comentarios irrelevantes o que poidan ser considerados *spam*.

O Concello de Cambre resérvase o dereito a decidir se as imaxes cumpren os requisitos de contido estipulados nas presentes bases, e poderá cancelar a participación no concurso a calquera usuario/a en calquera momento, sen necesidade de aviso previo e á súa elección exclusiva.

O Concello de Cambre non realiza ningunha labor editorial sobre os contidos xerados polos/as participantes e non asume ningún tipo de responsabilidade asociada a estes, podendo solicitar que sexan retirados de xeito inmediato en calquera momento, sen previo aviso nin dereito a ningunha indemnización algunha no caso de incumprimento.

9.- COMUNICACIÓN Á PERSOA GAÑADORA

Cada unha das fotografías admitidas como participantes no concurso serán examinadas polo xurado dentro do prazo de quince días seguintes a finalización do prazo de publicación das fotografías.

Unha vez que o Concello de Cambre faga público quen son as persoas gañadoras, estas deberán poñerse en contacto coas persoas gañadoras, estas deberán poñerse en contacto co concello a través da rede social coa que participaron (Twitter, Facebook o Instagram) por medio dunha mensaxe privada co fin de poder artillar a entrega do premio verificando a identidade da persoa gañadora.

O concello contactará cos/as gañadores/as por medio das redes que utilizaron para o concurso.

No caso de non poder contactar coa persoa gañadora ou que esta rexeite o premio, procederase a contactar cos sucesivos participante, na orde da súa clasificación.

De resultar imposible a adxudicación do premio no prazo de 15 días dende a comunicación deste, en ningún caso poderá reclamarse con posterioridade e o premio quedará deserto.

A persoa gañadora recollerá o seu premio identificándose á hora de recollelo co seu DNI ou NIE.

10.- ENTREGA DO PREMIO, COMUNICACIÓN E USO PÚBLICO DA IMAXE DA PERSOA GANADORA

O premio deberá recollerse na data e hora que sinale o Concello de Cambre a tal efecto.

Cada gañador/a aproba acceder a que se lle tomen fotografías durante o acto de entrega do premio, así como a que o Concello de Cambre utilice con fins publicitarios e promocionais o seu nome e imaxe, en calquera medio e material publicitario. Así, a persoa gañadora autoriza, ao participar na acción, ao Concello de Cambre a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que estea relacionada con esta, inda durante o aproveitamento do premio, todo iso en calquera medio, incluído Internet, sen que as ditas actividades lle confiran dereito de remuneración ou beneficio ningún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases.

11.- CONDICIÓN E INCIDENCIAS

A participación neste concurso implica a aceptación expresa dos/as participantes das presentes bases, quen autorizan expresamente a divulgación dos seus nomes por parte do Concello de Cambre.

O Concello de Cambre resérvase o dereito de ampliar ou aprazar o período do concurso, así como de modificalo ou cancelado, se concorresen circunstancias excepcionais que impedisen a súa realización, comunicando as ditas circunstancias de xeito que se evite calquera prexuízo para os/as participantes.

O Concello de Cambre non será responsable dos atrasos, perdas ou deterioro por causas que non lle sexan imputables.

O Concello de Cambre queda exonerado de toda responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falla temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento das aplicacións de Facebook, Twitter o Instagram mediante as que se participa no concurso. Tampouco será responsable no caso de mal funcionamento da rede Internet que impida o normal desenvolvemento do concurso por causas alleas ao Concello de Cambre.

O Concello de Cambre queda exonerado dos erros cuxa responsabilidade sexa do/a participante, aos erros ou interrupcións do servizo que sexan debidos ao fornecedor de servizos de conectividade a Internet, erros de Facebook, Twitter, Instagram, erro de conectividade á rede eléctrica ou a calquera terceiro, que escape do control do Concello de Cambre.

O Concello de Cambre queda exonerado dos erros de seguridade que se poidan producir, dos danos que se poidan causar ao sistema informático dos/as participantes ou de terceiros/as (*hardware, software*) e dos ficheiros ou documentos que se almacenen como consecuencia dun virus no ordenador do participante durante a súa participación no concurso, así como nas comunicacións posteriores en relación ao concurso.

O Concello de Cambre resérvase o dereito de eliminar do concurso, por causa xustificada, a calquera participante que defraude, altere o inutilice o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario deste.

O Concello de Cambre resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso. Ademais, calquera tipo de fraude detectado no sistema de participación determinará a inmediata eliminación dos/as participantes afectados/as.

12.- XURISDICIÓN COMPETENTE

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese existir en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, o Concello de Cambre e os participantes nesta actividade sométense expresamente á xurisdición e competencia dos xulgados e tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponder.

O Concello de Cambre resérvase o dereito de aplicar, interpretar e modificar estas bases, e de decidir sobre os casos non previstos nelas.

13.- DEPÓSITO DAS BASES

As presentes bases publicaranse na web del Concello de Cambre (<http://www.cambre.es>).

14.- PROTECCIÓN DE DATOS

Coa participación neste concurso, os/as gañadores/as prestan o seu consentimento expreso para o tratamento dos seus datos persoais por parte del Concello de Cambre conforme a las disposicións de la Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), que se incluírán nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Cambre. Garántese aos/ás participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais para o que haberán de dirixirse ao Concello de Cambre (rúa do Adro nº 1 – C.P. 15660 Cambre – A Coruña o ao correo electrónico: info@cambre.org) ou persoalmente nas oficinas do concello en horario de atención ao público. En ambos casos deberá identificarse presentando fotocopia do seu DNI ou NIE ou calquera outro documento oficial de identificación. Unha vez finalizado este concurso, o Concello de Cambre conservará os datos facilitados polos/as participantes. Así, e en cumprimento ao disposto na Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información y de comercio electrónico, los/as participantes prestan o seu consentimento ao concello para recibir comunicacións.

Cambre, 5 de abril de 2017